



XIX FEIRA DO MEL DE NARÓN

REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN

1. Este evento está promovido polo Concello de Narón, quen delega mediante contrato a Organización do mesmo á empresa Eventi.
2. Todo participante asume o compromiso de coñecer e aceptar este Regulamento de Participación e de cumprir as indicacións do persoal de Organización.
3. A participación é gratuita.
4. Poderán participar: postos de mel e derivados, postos de produtos agrícolas, postos de castañas, postos de fungos e cogomelos, e postos de queixo ou derivados.
5. **¿Cómo Participar?:** Os interesados en participar deberán enviar o formulario de solicitude debidamente cumprimentada antes do 27 de Outubro. Poden pedir o formulario por mail (elena@eventi.es), por tlf (607 391 660) ou descargalo na páxina de información que atoparán na web de Eventi (eventi.es)
6. A admisión de expositores e a súa ubicación no recinto é potestade da Organización.
7. Unha vez comunicada a admisión, os solicitantes dispoñen ata o 3 de Novembro para achegar a documentación que se indica no punto 7.
8. Para poder participar cun posto na Feira, o participante deberá ser:
 - Autónomo: deberá acreditar estar dado de alta na Seguridade Social
 - Produtor do sector primario: deberá acreditar R.E.A.G.A.
 - Empresa: deberá acreditar alta na Seguridade Social, alta en Facenda e Seguro de Responsabilidade Civil
 - Asociación: deberá acreditar Estatutos ou alta no rexistro de Asociacións
9. **Para poder expoñer ou comercializar mel**, esixiranse as seguintes condicións:
 - En tódolos casos: estar inscrito no R.E.A.G.A. (Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia)
 - No caso de Empresas, envasadoras ou vendedores non produtores: rexistro sanitario e etiquetado en cada produto.
 - No caso de produtores: etiquetado de cada produto
10. **Etiquetado do mel:**

O mel exposto ou á venda na Feira deberá cumprir a Norma Xeral de Etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios (Real Decreto 1334/1999 do 31 de xullo). A etiqueta deberá levar obrigatoriamente a seguinte información:

 - Denominación de venta (mel de flores, de brezo...)
 - País de orixe da recolección.
 - Cantidade neta
 - Data de duración mínima (Consumir preferentemente antes de...)
 - Identificación do responsable do produto: nome do titular da explotación, número de REAGA e enderezo da explotación.

Non se permite colocacións das etiquetas no recinto feiral. Esta actuación poder ter como consecuencia a expulsión do expositor.
11. Un expositor (produtor, autónomo, empresa ou asociación) so pode participar con 1 posto
12. Non se permite que un expositor atenda máis postos que o seu, salvo substitucións momentáneas por causas físicas.
13. A Organización fixará uns prezos mínimos de venda. Non se poderá vender por debaixo dos prezos fixados, aínda que sí por enriba.
14. Non se permite a presenza de vehículos no interior do pavillón entre as 10:30 e as 20:00h
15. A participación de Asociacións será por invitación da Organización